



## **ORDENANZA FISCAL NÚMERO 41**

### **REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO PAZO DA MISERICORDIA**

#### **Artigo 1º. FUNDAMENTO E NATUREZA**

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local e, de conformidade cos artigos 15 a 19, así como os artigos 20 punto 4 e 58, todos eles da Lei 39/88 do 28 de decembro, reguladora das facenda locais, modificados pola lei 25/98 de 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público, este Concello establece a “Taxa pola prestación de servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís no Pazo da Misericordia”, que se rexerá pola presente Ordenanza.

#### **Artigo 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe feito imponible a prestación dos servizos derivada do conxunto de actuacións realizadas co gallo da celebración de matrimonios civís no Pazo da Misericordia, que conleva, a organización do acto polos servizos Municipais do Concello.

Non se entenderá realizado o feito imponible da taxa e polo tanto non se devengará o tributo pola tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin tampouco pola expedición do libro de familia.

No caso de que o matrimonio civil se celebre polo Alcalde ou Concellal no que delegue, en calqueira outro lugar distinto do Pazo da Misericordia , entenderase este feito gravado pola presente Ordenanza coa mesma coantía establecida para os demais supostos . A celebración de matrimonios civís no Salón de Plenos municipal estará exenta do presente tributo.

#### **Artigo 3º. SUXEITO PASIIVO**

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.

#### **Artigo 4º. DEVENGO**

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuir, no momento da presentación da solicitude nas oficinas do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e ésta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

#### **Artigo 5º. OBRIGADOS Ó PAGO.**

Están obrigados ó pago da taxa nesta Ordenanza os beneficiarios/as do servizo, entendéndose por tales os/as contraentes.

#### **Artigo 6º. CONTÍA**

A cuota tributaria que se abonará no momento da solicitude está constituída pola coantía fixa de 117,80 euros.

#### **Artigo 7º. NORMAS DE XESTIÓN**

Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realizar o ingreso da liquidación resultante na Tesourería Municipal ou nas Entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.



## **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.